


27





Todos somos necesarios

**As persoas somos distintas, non hai dúas iguais.**

Coas nosas boas calidades axudámonos uns a outros e todos nos beneficiamos.



Escribe o número do debuxo que corresponda.



1



Pensa se estas afirmacións son verdadeiras ou falsas e sinálao.


	V	F
Case ninguén ten algunha calidade positiva.		
Moitas persoas só estorban, non achegan nada.		
Debemos poñer as calidades ao servizo dos demais.		
Todos temos algunha boa calidade.		
A xente intelixente nunca explica aos demais o que entende.		
Todos somos necesarios e podemos achegar algo.		



● **Poñemos as nosas calidades ao servizo dos demais.**

Xesús quere que, na familia da Igrexa, cada un participe e colabore coas súas calidades, que son un regalo de Deus.

● **Hai distintas formas de colaborar na Igrexa.**





Une cada un dos servizos que podemos vivir na Igrexa (columna da esquerda) coa súa explicación correspondente.

Matrimonio e familia

Sacerdocio

Relixiosos e relixiosas

Misioneiros

Traballadores



Falamos sobre as persoas que coñecemos e que están a prestar algúns destes servizos na Igrexa.

- ¿De que cousas han de preocuparse os pais para construir unha familia?
- ¿Cales son as tarefas do sacerdote? ¿Cal delas che gusta máis?
- ¿Coñeces algunha relixiosa ou relixioso? ¿A que se dedican?
- ¿Coñeces algún misioneiro? ¿En que país está? ¿Que recordas do que che contou sobre a súa tarefa?
- ¿Cales destes servizos che gustaría facer cando sexas maior?



Lemos estas frases e poñemos ao lado de cada unha delas verdadeiro ou falso, segundo corresponda.

	V	F
Os bos cristiáns fan presente a Igrexa de Xesús.		
Só os sacerdotes axudan á Igrexa a cumplir a súa misión.		
A Igrexa anuncia o Evanxeo soamente en Europa.		
Co traballo ben feito dos profesionais mellora o mundo.		